

# Pontevedra literaria.

## Historia dunha tradución

José M. Ramos González

En anteriores números desta revista tiveron a oportunidade de dar a coñecer distintos aspectos da actividade cultural e literaria da nosa vila ao termo do século XIX. Nesta ocasión vou contar en que circunstancias Pontevedra foi berce da primeira tradución dun dos mellores contos da Literatura Universal.

Se a un crítico literario se lle pedise unha listaxe dos dez mellores contos, de seguro incluíría *Boule de suif* (Bola de sebo), do escritor francés Guy de Maupassant (1850-1892), discípulo doutro grande das letras, Gustave Flaubert. Este relato, ambientado durante a guerra franco-prusiana de 1870, describe un episodio real contado a Maupassant por un familiar.

Cando o exército teutón invade Francia, logo dunha derrota deshonrosa dos franceses, os prusianos ocupan as terras conquistadas, aloxándose nas vivendas dos vencidos, tomando unhas licenzas que provocan un crecente odio contra o xermano, rexeitamento xa de por si arraigado no pobo durante moitos anos. Unha vez máis, en Alsacia e en Lorena<sup>1</sup> volve falarse alemán por imposición do vencedor, momento evocado por Alphonse Daudet nun fermoso e conmovedor conto titulado *La dernière classe* (A derradeira clase) no que un mestre local imparte a súa derradeira clase en francés antes de exiliarse.

En *Boule de suif*, Maupassant relátanos as desventuras dunha prostituta que viaxa, na compañía duns cidadáns, nunha dilixencia que fai a

ruta Rouen-Le Havre. Os personaxes representan, dun xeito caricaturizado, os estamentos máis representativos da sociedade francesa da época: a burguesía, os revolucionarios, o clero e a aristocracia. A moza, entrada en carnes, de aí o título do conto, vese repudiada polos seus compañeiros de viaxe pola súa condición de muller venal. Logo dunhas horas, comeza a apremiar a fame entre os viaxeiros, e Bola de Sebo, previsora, toma unha cesta da súa equipaxe que contén numerosas viandas, convidando a todos a probar da pitanza. Os convidados agradecen o xesto xeneroso e comen con apetito voraz, deixando á pobre rapaza co xusto para manter mitigada a súa garula ata chegar á primeira posta. Cando arriban á hospedaxe que lles servirá de repouso durante unhas horas, antes de proseguir a súa viaxe, o comandante dun destacamento de prusianos aloxados no albergue, pídelles os salvocondutos e prohíbelles partir agás que Bola de Sebo se deite con el. Ela, indignada por semellante proposta dun inimigo da súa patria, alporízase e négase con firmeza, pero os seus acompañantes, sentíndose prisioneiros, acadan convencer a moza, mediante adulacións, para que xaza co prusiano. Cando a dilixencia retoma a viaxe, Bola de Sebo volve ser ollada con desprezo por aqueles mesmos que, horas antes, e por comenencia, a afagaran pola valentía do seu sacrificio. O conto remata cos choros da moza, mentres un viaxeiro canta “La Marsellesa”.

Pola súa extensión, este conto denomínase *nouvelle* en francés. Non atopamos en galego un termo equivalente a este vocábulo, xa que novela é *roman* e relato é *recit*. A *nouvelle* ven



Guy de Maupassant (1850-1892)

ser un relato dunha lonxitude entre o relato curto e a novela, polo que pode considerarse un relato longo. De feito, nas edicións máis comúns, *Boule de suif* contén entre oitenta e cen páxinas.

A súa xénesis é curiosa, pois escribiuse en 1880, durante unha noite, na casa de verán de Émile Zola, en Médan, preto de Paris. Alí, atopábanse reunidos os escritores Zola, J.K. Huysmans, Henri Céard, Paul Alexis e Guy de Maupassant. A alguén ocorréuselle propoñer que cada un escribise un conto cunha temática relacionada coa guerra franco-prusiana de 1870, na que todos participaran dalgún xeito. Así o fixeron, e, tras da súa lectura, a de Maupassant foi declarada a mellor historia. Estes contos reuníronse nunha escolma titulada *Les Soirées de Médan* (As noites de Médan) e *Boule de suif* foi a narración que catapultou a meteórica carreira literaria do seu autor que, ata ese intre, era un poeta frustrado e descoñecido.

<sup>1</sup> Alsacia e Lorena hoxe son rexións francesas fronteiras con Alemaña. Sempre foron motivo de disputas territoriais entre os dous países.



Portada do folletín

A valentía, o patriotismo e a solidariedade atópanse encarnadas na protagonista, resultando un paradoxo a súa condición de prostituta, unha marxinada da sociedade, mentres que os aspectos máis negativos e reprobables, como a covardía, a hipocrísia e o egoísmo maniféstanse nos seus compañeiros de viaxe, reflexo dunha sociedade decadente e mesquiña.

Esta dura crítica inspirou a dramaturgos (Carlos Arniches coa zarzuela *La Estrella de Olimpia*), directores de cine (John Ford en *La Diligencia*) e tamén músicos (Chico Buarque con *Geni y el zepelín*)

O naturalismo francés, liderado por Zola, xurdiu en España con forza coa pluma de escritores como Vicente Blasco Ibáñez, Benito Pérez Galdós ou Leopoldo Alas Clarín, e chega a Galicia da man de Emilia Pardo Bazán que ademais de ser unha referencia do naturalismo español de finais do século XIX, tamén foi unha estudosa desta escola literaria, cuxas teses analiza no seu extraordinario ensaio *La cuestión palpitante*.

No ano 1886, seis anos despois da publicación en Francia de *Les Soirées de Médan*, sendo o conto de Maupassant considerado a xoia máis brillante da escolma, chega ao noso país e publícase por primeira vez en castelán no folletín

de *La Crónica de Pontevedra*, xornal dirixido por José Millán. Como todo xornal da época, contiña unha sección adicada á publicación de obras por entregas, denominada folletín. Ese será o escaparate do magnífico relato. É a primeira tradución documentada que posuímos deste conto, o que nos fai soste con orgullo que a nosa vila, chamada daquela “La Atenas Gallega”, era un fervedoiro de cultura e nas súas rúas zumegábase a inquedanza polas novidades literarias, non soamente no resto de España, senón máis alá dos Pirineos.

O 24 de maio de 1886, no número 20, *La Crónica de Pontevedra* publica a primeira entrega do seu primeiro folletín. Trátase do conto orixinal de Jesús Muruais, *Juan Loureiro*, conto da guerra da Independencia, do que se fixo un amplo estudo no número 23 desta revista<sup>2</sup>. Con tal motivo, a dirección do xornal informa aos seus lectores:

*Antes de empezar a publicar los cuentos que para el folletín de La Crónica está traduciendo nuestro querido amigo D. Jesús Muruais, creemos oportuno dar a conocer a nuestros lectores un original del mismo autor, lo cual de seguro habrán de agradeceremos.*<sup>3</sup>

Nestas liñas xa se revela de xeito explícito, que o tradutor de *Boule de suif* é Xesús Muruais, tendo presente que o conto vai saír inmediatamente despois do remate de *Juan Loureiro*.

En efecto, a primeira entrega prodúcese no número 32 do 8 de xuño de 1886, e a derradeira o 8 de xullo dese mesmo ano. Unha vez reunidas todas as entregas, conforman un libríño de noventa páxinas.

Muruais titula o conto *Rollo de manteca*, cambiando as formas

2 RAMOS, José M. Lérez na literatura: Juan Loureiro. Cedofeita. Nº 23. Ano 2019.

3 *La Crónica de Pontevedra*, 24 de maio de 1886.

xeométricas, a esfera (*boule*) polo cilindro (*rollo*). Porén, a tradución é moi correcta. É importante resaltar a capacidade de Muruais para esa tarefa, xa que era catedrático de Latín e Francés no Instituto. Por outra banda, a vasta cultura literaria que Muruais tiña, ademais de manifestarse nas múltiples críticas literarias e artigos que escribiu para diversos xornais e revistas, víase incrementada pola monumental biblioteca que posuía. Nos seus andeis aliñábanse todas as novidades editoriais saídas das imprentas europeas, en particular as francesas e inglesas. Os autores que máis volumes achegaban a esta colección eran Víctor Hugo e Guy de Maupassant, polo que o seu dominio da lingua e literatura francesa, e en concreto o coñecemento da obra de Maupassant, era absoluto.

No domicilio de Muruais, na praza de Méndez Núñez, pode situarse o templo da atmosfera cultural que vivía a Pontevedra finisecular decimonónica. Alí celebrábanse tertulias literarias ás que asistían, entre outros, Enrique Labarta, Álvarez Limeses, Ernesto Caballero, Casto Sampedro, Julio Cuevillas, Sergio Sanjurjo, Souto Cuero, Victor Said Amesto, Valle Inclán, etc.

En relación con Maupassant e esas tertulias, conta Prudencio Landín Tobío, nas súas crónicas recompiladas en *De mi viejo carnet*, a seguinte anécdota:

*Un buen día Said Armesto, hombre inquisitivo, erudito, memorión y atrabiliario, exhibiendo en cada mano un libro abierto, dijo misteriosa y solemnemente en la tertulia:*

*—Oiganme, que tengo un notición que darles. Recordarán ustedes cuanto hemos alabado este primoroso cuento de nuestro amigo Fulano publicado en un libro titulado... Pues bien, sepan ustedes que el cuento no es suyo, sino de Guy de Maupassant, cuyo libro aquí tengo...*

*Hubo dudas, reparos y hasta protestas de primera intención. El acusado de copiar literalmente al escritor francés era, nada menos, que uno de los más conspicuos e intransigentes contertulios de aquella casa, al cual los demás nada dijeron nunca del inesperado descubrimiento.*<sup>4</sup>

Prudencio Landín, facendo honra ao seu nome, mantivo unha discreción da que non farei eu gala, e por se algún lector xa o sospeitase, confírmolle que o “Fulano” que se esconde tras desas acusación de plaxio é Valle Inclán, o libro en cuestión é a súa ópera prima, *Femeninas*, e o conto é *Octavia Santino*, que resulta ser case copia literal do derradeiro capítulo da novela de Guy de Maupssant, *Fort comme la mort* (Forte como a morte).

Célebre polo seu carácter impetuoso, provocador e propenso a pendencia, quen ía atreverse a acusar a Valle Inclán de plaxio na súa cara? O máis probable era que a osadía rematara nun duelo no Borrón.<sup>5</sup>

Daquela, o plaxio era práctica común, sobre todo por dúas razóns fundamentais: eran moi poucos os que lían e moitos menos os que sabían francés, polo que descubrir un plaxio era como atopar unha agulla nun palleiro. Isto padecían os escritores decimonónicos que, día si e outro tamén, enfrontábanse a acusacións de plaxio, ás veces de xeito arbitrario, inducidas por celos e disputas. O propio Muruais fora denunciado por Manuel Murguía<sup>6</sup>; de Clarín díxose que *La Regenta* era un plaxio de *Madame Bovary*. Na obra de Valle Inclán, sobre todo nos seus primeiros pasos, poden atoparse plaxios doutros autores como

Maupassant, Andrés Muruais e incluso o seu propio pai<sup>7</sup>.

Pero volvendo á nosa tradución, debemos destacar que a primeira publicación en castelán da escolma *Les Soirées de Médán* atopámola en 1890 pola editorial La España Moderna, pero ignórase o seu tradutor, xa que non é nomeado no volume. En 1905 Julián Díaz Contreras traduce *Boule de suif* para a editorial Aguilar, titulando o conto *Rollo de manteca*, o que parece apuntar a que este tradutor era coñecedor da versión de Muruais, pois parécenos moita casualidade que os dous alterasen igualmente a literalidade do título orixinal.

Hoxe, os tradutores máis recoñecidos de Maupassant, como Esther Benítez ou Mauro Armiño, manteñen o título respectando a literalidade do orixinal, e no mundo de fala hispana é coñecido como *Bola de sebo*, despois de pasar por outros menos afortunados como “La Gordinflona”, “La Gordita”, “Amores y otras cosas” o “El sacrificio de una meretriz francesa”<sup>8</sup>.

Como dato anecdótico, sinalar que Emilia Pardo Bazán, estudosa do naturalismo francés no que militaban os escritores de Médán, consideraba o título *Bola de sebo* pouco apropiado, e suxería máis axeitado “Pella de sebo”, argumentando que tanto *bola* como *rollo* son formas con demasiada perfección xeométrica, mentres que *PELLA* representa un volume máis heteroxéneo no seu contorno, e polo tanto máis axeitado ao que se desexa evocar: a



Jesús Muruais na súa Biblioteca

obesidade da protagonista.

Resulta moi difícil, por non dicir imposible, precisar se *Rollo de manteca* se publicou en *La Crónica de Pontevedra* con autorización do seu autor. Malia que Maupassant sempre foi moi escrupuloso cos seus dereitos de autor, é improbable que, dende París, soubera da aparición do seu conto nun pequeno e modesto xornal de provincias, nunha remota rexión do noroeste español. O máis seguro e prosaico é que a Muruais lle chegara o conto entre os moitos volumes que adquiría directamente desde Francia; quedou prendido del coa súa lectura e, como acontecería con tantos millóns de lectores ata o día de hoxe, e, animado por Millán, traduciuo con mestría para gozo dos lectores de *La Crónica de Pontevedra*.

Queda pois de manifesto, unha vez máis, que a nosa vila foi pioneira e punta de lanza da cultura ao termo do século XIX, para oprobio daquelas voces que se dedicaban a denigrar Galicia describindoa como unha terra de xentes con escasa vocación intelectual.

4 LANDIN TOBIO; Prudencio. De mi viejo carnet. 2º edic. Diputación de Pontevedra. Pontevedra 1984. Pax. 55.

5 O Borrón era daquela o extrarradio da cidade e atopábase onde hoxe encontramos a Avenida de Buenos Aires. Ali citábanse os mozos para dirimir diferenzas cos puños ou con navallas.

6 RAMOS, J.M. Pontevedra Literaria: Historia dun plaxio. Cedofeita nº 24. Ano 2021.

7 Con motivo do falecemento de Andrés Muruais en 1882, Ramón de Valle y Bermúdez, pai de Valle Inclán, participa na coroa fúnebre que se lle dedica ao defunto, cun poema titulado A la memoria de mi amigo Andrés Muruais. Dez anos despois, Valle Inclán copia o seu poema de seu pai para a súa elexía A una mujer ausente por la muerte, publicada dez anos despois.

8 Unha estratexia comercial moi practicada consiste en cambiar os títulos dos libros para despertar a curiosidade do lector. Deste xeito foi como *Boule de suif* titulouse “Amor y otras cosas” ou “El sacrificio de una meretriz francesa”.